



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANUNCIO.

Con data 17 de febreiro de dous mil vinte e un, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte resolución:

“Descrición decreto: RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, NOMEAMENTO DE COMISIÓN DE VALORACIÓN E CONVOCATORIAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL POR MOVILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS VACANTES DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIMEN INTERNO E DA ÁREA DE SERVIZO ECONÓMICOS.

EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000113

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Por medio de Decreto número 670/2020 de 24 de novembro, resolveuse a aprobación das bases reguladoras do procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante a comisión de servizos voluntaria, para a cobertura temporal de dúas prazas vacantes de auxiliar administrativo da área de administración xeral e réxime interno e da área económico-financeira.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia nº 1 de data 4 de xaneiro de 2021 se publicou o anuncio das bases da convocatoria, e tendo transcorrido o prazo de presentación de instancias fixado na Base Cuarta da convocatoria.

Visto que por resolución da Alcaldía número 38/2021 de data 26 de xaneiro de 2021, aprobouse a lista provisional de admitidos-excluídos, concedendo, consonte á base sétima da convocatoria, un prazo de tres (3) días para a presentación de reclamacións.

Visto que rematado o prazo de tres (3) días, non se presentou reclamación algunha.

Tendo en conta que por resolución da Alcaldía nº 100/2021 de 15.02.2021, resolveuse no punto primeiro, aprobar a lista definitiva de admitidos no proceso de selección, e que no seu punto segundo, resolveuse nomear os integrantes do tribunal de valoración.

Tendo en conta que por decreto de Alcaldía nº 102/2021 de data 15.02.2021, resolveuse modificar a composición da comisión de valoración nomeada no Decreto anteriormente indicado, a fin de adaptar o número de compoñentes de dita comisión, ao disposto na normativa vixente.

Tendo en conta tamén o punto 7º das bases do procedemento obxeto da convocatoria, e co obxeto de dar cumprimento aos prazos ne indicados.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Ratificar a lista definitiva de admitidos no proceso de selección, aprobada por Decreto nº 100/2021 de 15.02.2021, que figura de seguido:

ASPIRANTES ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	SOTO SOTO MONTSERRAT	3*67**44*

SEGUNDO.- Ratificar o nomeamento, mediante Decreto 102/2021 de data 15.02.2021, das persoas integrantes da comisión de valoración, que queda constituída do seguinte xeito:

Presidente: Don José Antonio Meizoso Paz, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Suplente de Presidente: Dona Eva Jardón López, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Vogal 1: Dona Cristina Garay Aguirre, Técnica superior de administración especial.

Suplente: Don Nicolás Placer Sande. Administrativo de administración xeral.

Vogal 2: Don Enrique Calvete Pérez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: Dona Monica Bello Novo, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Vogal 3: Dona Lucía Varela Martínez, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: Don Rafael Díaz Aguado Jalón, Técnico de Administración Xeral.

Vogal 4: Dona Patricia Coence Antelo, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: Don Manuel Larrosa Rodríguez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

-Secretaría (con voz e sen voto): Dona Ana Ramos Ramos, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Suplente: Dona Eva Guerrero Rico, administrativa de administración xeral.

TERCEIRO.- Deixar sin efecto as datas e horas indicadas para a valoración de méritos, así como para a realización da entrevista persoal, indicadas na resolución 100/2021 de 15.02.2021.

CUARTO: Convocar aos membros da comisión de valoración as 9,00 horas do día 1 de marzo de 2021, luns, para a baremación dos méritos segundo indicado na base 6ª das bases da convocatoria. O acto terá lugar de xeito telemático.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO: Convocar aos membros da comisión de valoración e á aspirante, as 9,00 horas do día 5 de marzo de 2021, venres, para a realización dunha entrevista persoal, segundo indicado no apartado noveno das bases da convocatoria O acto terá lugar de xeito telemático.

SEXTO: Dar traslado da presente resolución aos membros da comisión de valoración.

SÉTIMO: Dar traslado da presente resolución á aspirante, con indicación de que deberá facilitar un correo electrónico, coa finalidade de poder realizar a entrevista persoal por medios telemáticos.

OITAVO: Publicar anuncio da presente resolución no taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web municipal www.pontedeume.gal.

NOVENO: Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.

